



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Cultura e Normalización Lingüística

### DECRETO

#### Nº Expediente: 2020/EGFAB/000194

No artigo 28º.10 das bases de execución do orzamento para o presente ano, entre outras, prevese unha subvención nominativa á Fundación Manuel María de Estudos Galegos para gastos anuais de funcionamento.

Con data 23 de novembro de 2020 e núm. de rexistro de entrada 2020016440 a Fundación Manuel María de Estudos Galegos presenta solicitude de axuda económica para facer fronte aos gastos derivados do funcionamento da entidade no ano 2020.

En data 15/12/2020 foi emitido informe-proposta pola Técnica de Normalización Lingüística, no que fai constar que foi comprobado que a entidade se atopa ao corrente nas súas obrigas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros, e propón a concesión solicitada.

A Intervención Mncipal emitíu informe favorable o 17/12/2020.

Considerando que de acordo co disposto no artigo 6, apartado a) das Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas e no artigo 28º.10 das mesmas, e que forman parte das Bases de Execución do Orzamento para 2020, a Alcaldía é o órgano competente para a concesión,

#### RESOLVO:

**1º.-** *Autorizar e dispor un gasto de 500,00 euros, para facer fronte á subvención nominativa que se sinala no punto seguinte, con cargo á aplicación orzamentaria 80.3341.48100. (RC-202000040744).*

**2º.-** Conceder á Fundación Manuel María de Estudios Galegos, con C.I.F.: G701093376, con enderezo na Rúa Javier Fonte, n.º 1, portal D, 1º A – 15001 A CORUÑA, a cantidade de 500,00 euros (cincocentos euros), en concepto de achega para gastos anuais de funcionamento da antedita Fundación para o ano 2020.

**3º.-** A entidade deberá, no prazo de tres días hábiles, contados a partir da recepción da notificación deste acordo, presentar a seguinte documentación:

- Certificado expedido polo Secretario da mesma, ou persoas a quen corresponda a facultade, acreditativo da adopción do acordo de aceptación da subvención concedida.
- Declarar que o importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba a entidade beneficiaria doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.
- Declaración responsable da persoa representante de que se publicou na páxina web da entidade que contan coa colaboración do Concello de Oleiros.





CONCELLO DE  
OLEIROS

## Cultura e Normalización Lingüística

**4º.-** Unha vez presentada a documentación sinalada no parágrafo anterior, efectuarase o pagamento da totalidade da subvención.

**5º.-** No prazo de 30 días dende que se efectúe o pagamento do importe deberán achegar certificado expedido polo Secretario da mesma co visto e prace do Presidente, que os fondos foron destinados ao fin para o que son concedidos.

**6º.-** Notificar o contido do presente acordo á Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

**7º.-** Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

*En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).*

